

Voceiro

de —

Culleredo



Distribución: Publibuzón de Correos

Decembro 2016



“O noso Alcalde só entende o goberno de forma absolutista”

ENTREVISTA CON TONO CHOUCIÑO

Consulta en páxinas interiores a entrevista con Tono Chouciño, concelleiro e portavoz do Bloque Nacionalista Galego - Asembleas Abertas de Culleredo.

O traballo do BNG de Culleredo na prensa...

La Voz de Galicia

El BNG dice que el rescate del CLT de Ledoño supondrá una pérdida patrimonial al Concello

El BNG cullerdense pide más seguridad para los peatones en el puente del tren en O Burgo

El BNG plantea una moción de reprobación fallida contra el primer teniente de alcalde de Culleredo

Cruce de acusaciones entre el BNG de Culleredo y el gobierno local por los robos en O Burgo

El Metropolitano

O BNG pide o arreglo da Biblioteca da Laboral

Piden a revisión dos depósitos de Almeiras

La Opinión

A Coruña

El BNG pide una nueva exposición del PGOM

El BNG denuncia más problemas con la tarjeta metropolitana

Emalcsa hará reuniones informativas sobre el nuevo depósito de agua

El gobierno local rechaza la moción del BNG que pedía que Culleredo fuese libre de circos con animales

CADENA
SEI2

Súmate ao BNG!

Construamos un Culleredo máis xusto e participativo. Se estás interesado en colaborar co BNG de Culleredo escribenos a culleredo@bng-galiza.org

O Voceiro de Culleredo é unha publicación editada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo. Contacta en culleredo@bng-galiza.org



“O equipo do BNG de Culleredo está traballando para que a participación veciñal nos orzamentos sexa real”

50 anos, casado e con tres fill@s, Técnico Informático na Consellería de Facenda, Concelleiro e portavoz do Bloque Nacionalista Galego - Asambleas Abertas no Concello de Culleredo. **Tono Chouciño responde ás preguntas do Voceiro de Culleredo.**

Ti eras novo na política, como a ves desde dentro? Eu son novo na política institucional. Pero sempre participei en movementos sociais: na representación sindical a través da CIG, como voluntario na Cruz Vermella, na ANPA dos colexios dos meus fillos... Alí onde vou procuro botar unha man porque creo que é o que debemos facer todos.

E agora que estás dentro da política institucional, velo moi distinto? Un pouco decepcionante, sobre todo nun Concello no que un señor que leva 33 anos entende o goberno dunha forma absolutista. Xa son moitos veciños os que nos din que sobran moitos deses 33 anos.

veciñas e veciños como a dos desbroces. As cunetas debían ser limpadas dúas veces ao ano e non se desbroza máis que unha, a pesar de haber consignación orzamentaria para facelo e de que se recolla no contrato. Onde foron parar eses cartos?

Que pasa coa parcela da Cros? A Xunta rexeitouna para facer o novo colexio por estar mal descontaminada. Non se empregaron correctamente eses fondos? Non quedou descontaminada? Así poderíamos estar até mañá...

Cres que, como dixo o Concello, o novo colexio estará listo para o próximo curso? Non. É unha reclamación que fixemos no pleno, propoñendo medidas innovadoras para conseguir que se finalizase en tempo. Segundo o prazo de execución, non vai estar listo antes de xaneiro ou febreiro do próximo curso.

Cabe esperar unha mellora nos servizos coa apertura do novo Centro de Saúde do Portádego? Demandamos moitas veces saber a súa dotación e resulta que só teñen pedido un médico a maiores. Moita xente non sabe que a día de hoxe esa petición aínda non está atendida e que o que se vai facer é desdobrar o persoal que hai nun centro entre os dous. Polo tanto, cabe esperar que empeore a atención sanitaria, xa que ao novo centro poderá acudir xente das zonas limítrofes do Concello da Coruña como Palavea, que agora van ao Castrillón ou Matogrande.

Que opinas da participación cidadá en Culleredo? Eu sempre digo que Culleredo ten uns regulamentos moi modernos. O BNG colaborou noutras épocas a que se redactaran e aprobaran regulamentos de participación como dos que agora se fala noutros concellos. Pero o goberno non os está poñendo en práctica. Esa é unha teima que temos no BNG: promover a participación real, que os regulamentos se leven á práctica.

Por que cres que agora si se convocaron os Consellos Sectoriais? Xa lle era tempo! Levamos ano e medio de mandato e para poder canalizar o



orzamento participativo é imprescindible que estean constituídos. Desde o Bloque estivemos presionando para que no 2017 houbera unha elaboración realmente participativa do orzamento, non como pasou en 2016, que non a houbo.

Tamén haberá algunha alegría no traballo municipal? Si, si que hai alegrías. A principal é que estamos creando no BNG un grupo de traballo do que só se ve a representación institucional, pero ao que se achega cada vez máis xente e que tenta trasladar todas as inquiredanzas veciñais ao Concello a través desa representación.

Destacaría algún logro en particular? Hai varios que destacar. O principal é conseguir dinamizar a participación veciñal, non só a través da formalización do Orzamento Participativo, senón explorando todas as oportunidades que dan os regulamentos municipais para conseguir unha participación efectiva da veciñanza. Por exemplo, que a xente poida intervir nos plenos. Tal foi o caso das ANPAS para falar do problema dos comedores escolares, ou das mariscadoras cando tratamos a rexeneración da Ría do Burgo. Sempre foron convidados polo BNG, porque foi o BNG quen lles trasladou esa posibilidade.

“Poderíamos botar até mañá enumerando desastres de xestión do goberno municipal”

Decepción? En qué sentido? Non só o digo eu. Dino os técnicos municipais: os informes da Interventora, os do Arquitecto Municipal, os do Xefe de Gabinete dicindo que a Mesa de Contratación non cumpre as normas que deberían rexer un órgano independente... Demóstrano desastres de xestión como o do Centro Loxístico de Ledoño, no que o concello terá que devolver á empresa concesionaria unha fianza de 300.000€ porque nunca se lle reclamaron os seus incumprimentos manifestos, como que non se construísen servizos prometidos como unha ITV, un hotel... A condena a pagar 1.500.000€ a unha promotora polos terrenos do CEIP Ría do Burgo, que ademais son en parte Zona Verde, onde non se pode construír. Ou outras cuestións que nos reclaman as

UN BLOQUE DE RETRANCA

e non dixera que o novo centro de saúde ia abrir en setembro? e o colexio estará para o próximo curso? seguirán ampliando ilegalmente o contrato da auga? fixeron cumprir o contrato de limpeza das cunetas? e tiñan permiso aqueles que furaron a canteira de Sésamo? e pagaron as taxas? e para cando vai dar vostede explicacións do seu xuízo por ameazar a un policía municipal? e...

SI. SI. HOME. CLARO QUE SI.

SI. SI. XA LLE DIXEN EU QUE SI. SI. SI. POR SUPOSTO. SI SI SISI IS ISISISI. SI SI. SI SI SI SI SISI



Mira a entrevista completa con Tono Chouciño na canle de Youtube do BNG de Culleredo



O Bloque Nacionalista Galego reclama unha AP-9 galega e libre de peaxes

Sabías que...?



Pancarta do BNG na ponte da Avenida de Vilaboa sobre a AP-9

O BNG está a pedir no Parlamento Galego e na rúa, con concentracións e bloqueo dos puntos de cobro de peaxes, que a AP-9 sexa transferida polo Estado á Xunta e liberala do pago de peaxes. Consideramos esta petición xusta e necesaria porque:

- ★ A AP-9 é unha **vía imprescindible** para as comunicacións e desenvolvemento da Galiza actual, con moitísim@s usuari@s.
- ★ Está **máis que amortizada**. Leva recadados 2.300 millóns de euros, máis de 900 millóns de ganancias.
- ★ Temos que pagar **as peaxes máis caras do Estado**. Por viaxar en coche da Coruña a Vigo (160 Km.) pagamos 15,30€, mentres que para viaxar a Madrid (593 Km.) só se paga 14,05€ en peaxes
- ★ Se **o Estado ten cartos para beneficiar as construtoras recuperando as autoestradas radiais madrileñas**, porque non son rendibles, como pode negarse a rescatar a AP-9, se os salarios d@s galeg@s son os segundos máis baixos de todo o Estado Español!

No Pleno Municipal do mes de outubro, aprobouse coa soa abstención do PP, unha moción do BNG pedindo á Xunta que exixa esta transferencia ao Goberno Central. Culleredo sentiu nacer a autopista, cando tentaron expropiar a prezo roubado. Dende aquela vimos soportando unha chea de incomodidades: barreiras para peóns na ponte de Vilaboa e na Costa da Lonxa, o insuficiente túnel de acceso ao Colexio Isaac Díaz Pardo, os rúidos no Regueiro, Castro e Laxe, Vilaboa e O Burgo... Pedimos que o Goberno Municipal negociase con AUDASA melloras para todas estas cuestións e seguiremos a loitar para acabar con esta estafa "legal".

Mira a intervención de Ana Pontón exixindo a transferencia da AP-9 no Parlamento de Galicia.



★ A concesionaria do **Centro Loxístico de Transportes de Ledoño** crebrou no 2011 e o Concello decidiu non exixirlle incumprimentos á empresa, devolverlle a fianza de 300.000€ e quizais teña que pagarlle unha indemnización por resolución de contrato. A Secretaria Municipal xa informara en 2004 que todo o proceso expropiador era nulo de pleno dereito.

★ **O contrato de subministro de auga**, despois de 25 anos de vixencia, foi prorrogado ilegalmente no 2014 por un ano máis. Levamos dous anos e medio cunha xestión irregular dun contrato cun volume de negocio de 1.200.000€/ano. O BNG-AA levou este tema diante da Fiscalía, que non apreciou delito; seica non atopou relación de interese do concello coa empresa, pero deu traslado ao Consello de Contas.

★ **O contrato da limpeza viaria** rematou no 2012 e a día de hoxe segue sen renovar. Dende o BNG-AA achegamos as nosas ideas para mellorar o servizo de limpeza das rúas, beirarrúas e xardíns, para ademais reservar postos de traballo para persoas con discapacidades.

★ **O contrato de desbroces, limpeza de cunetas e reparación de fochancas** tamén rematou, podendo calquera comprobar que non se cumpriu nos últimos anos. O contrato incluía dúas limpeza anuais de tódalas cunetas... cumpriron no teu camiño?

★ **D. Julio Sacristán de Diego, Alcalde de Culleredo, foi xulgado por ameazar a un oficial da Garda Municipal** que non quixo cambiar un informe. O BNG-AA de Culleredo reclamou en repetidas ocasións que o Alcalde aclarara isto no Pleno, sen éxito por agora. Que ten que esconder o Alcalde para non querer aclaralo? De que trataba o informe que quería cambiar?

★ **Extraiuse pedra da canteira de Sésamo sen ningún tipo de licenza e sen pagar taxas polas obras**. O orzamento para a pedra do aeroporto era de 3 millóns de euros. Cando ti fas una obra na casa, tamén che perdoan as taxas?



Somos xente traballadora, non podemos estar en todas as festas nin churrascadas, pero sempre estamos disponibles para dar voz ás túas demandas.



culleredo.bng.gal



culleredo@bng-galiza.org



Culleredo BNG



[@culleredobng](https://twitter.com/culleredobng)

